

ADDENDA NÚM. 1 AO ACORDO DE COOPERACIÓN SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE O PINO PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS EN MATERIA DE URBANISMO

REUNIDOS

Por unha banda, María Martínez Allegue, en nome e representación da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, actuando no exercicio do seu cargo, en virtude do Decreto 44/2024, do 14 de abril (DOG núm. 73 do 14 de abril) e en función das atribucións que lle confire o artigo 34.10 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Da outra, Manuel Taboada Vigo, alcalde-presidente do Concello de O Pino, en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia.

Ambas as dúas partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos, coa representación legal que ostentan, e recoñécense mutuamente capacidade para se obrigaren nos termos da presente addenda

EXPOÑEN

I.- O día 4 de agosto de 2025 asinouse o Acordo de cooperación entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de O Pino, co obxecto de acometer e incorporar ó patrimonio público municipal as obras consistentes *na Humanización da rúa Forcarei e a rúa dos Mollaos*.

II.- Na cláusula cuarta establécense as obrigas económicas de cada unha das partes para o financiamento das actuacións obxecto do acordo, segundo o seguinte detalle:

Porcentaxes da achegas	2025	2026	Total
Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (70% do custe estimado)	128.387,07 €	295.158,77 €	423.545,84 €
Concello de O Pino (30% do custo estimado)	55.023,03 €	126.496,62 €	181.519,65 €
			605.065,49 €

III.- Circunstancias de índole técnico e os prazos determinados para a contratación e adxudicación das obras que constitúen o obxecto do acordo, impediron a materialización das execucións previstas para o exercicio orzamentario de 2025. Isto



implica a necesidade de proceder ao reaxuste das anualidades, para adecuar as dotacións económicas á realidade das execucións establecidas ata acadar a súa finalización.

Así mesmo, logo de adxudicadas as obras obxecto do acordo, o importe dos contratos formalizados acadan a contía de 535.992,62 €. Isto xustifica necesariamente a modificación do importe total establecido na cláusula cuarta do acordo, para adaptar os compromisos de cada unha das partes ao custo máximo das actuacións.

Polo exposto, procede modificar o acordo vixente para adaptar as obrigas nel establecidas á nova realidade.

En consecuencia, as partes acordan subscribir a Addenda núm. 1, para a modificación do acordo que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Modificación da cláusula cuarta.- Financiamento

Para o financiamento da actuación que constitúe o obxecto deste acordo de cooperación, cada unha das partes achegará os importes máximos, distribuído por anualidades, que se indican no cadro inserido a continuación:

Porcentaxes da achegas	2025	2026	Total
Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (70% do custe estimado)	115.101,69 €	297.481,13 €	412.582,81 €
Concello de O Pino (30% do custo estimado)	49.329,29 €	127.491,91 €	176.821,21 €
			589.404,02 €

O financiamento desta actuación, por parte da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas efectuarase con cargo á aplicación orzamentaria 11.03.521A.607.1.

O aboamento do importe correspondente ao concello, efectuarao en favor da Xunta de Galicia, logo de asinado o presente acordo e os correspondentes contratos e unha vez que lle sexa requirido pola Dirección Xeral de Urbanismo, sen que o dito importe supere a contía de cada unha das anualidades anteriormente indicadas e atendendo, en todo caso, ao ritmo de execución dos contratos. Calquera alteración na dita execución que implique a variación do correspondente importe determinará o reaxuste das anualidades.



Logo da adxudicación dos contratos que se celebren para a execución das actuacións necesarias para o cumprimento do obxecto do presente acordo, as baixas que, de selo caso, resulten aplicaranse na proporcionalidade das achegas de cada unha das administracións intervenientes. Non obstante, para a derradeira achega que deba de efectuar o concello, deberá de terse en conta a totalidade dos aboamentos efectuados pola consellería aos contratistas adxudicatarios das execucións das actuacións obxecto do acordo, nos que se incluírán aqueles que correspondan ás certificacións finais.

Segunda.- Publicidade e rexistro

As partes asinantes deste acordo outorgan o seu consentimento expreso para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado acordo sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Terceira.- Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

E para que así conste, de conformidade con canto antecede, no exercicio das atribucións de que son titulares os asinantes, e obrigando con iso ás Administracións que representan, asinan dixitalmente o presente acordo na data sinalada.

Pola Xunta de Galicia,
A conselleira de Vivenda e Planificación de
Infraestruturas

Polo Concello de O Pino,
O alcalde-presidente,

María Martínez Allegue

Manuel Taboada Vigo

